

Exceptúanse do carácter básico

5.5	5. O sistema educativo debe facilitar e as Administracións públicas deben promover que toda a poboación chegue a alcanzar unha formación de educación secundaria postobrigatoria ou equivalente.
5.6	6. Corresponde ás Administracións públicas facilitar o acceso á información e á orientación sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso a estas
7	Artigo 7. Concertación de políticas educativas. As Administracións educativas poderán concertar o establecemento de criterios e obxectivos comúns co fin de mellorar a calidade do sistema educativo e garantir a equidade. A Conferencia Sectorial de Educación promoverá este tipo de acordos e será informada de todos os que se adopten.
8.1	1. As Administracións educativas e as Corporacións locais coordinarán as súas actuacións, cada unha no ámbito das súas competencias, para lograr unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta Lei
8.3	3. As Comunidades Autónomas poderán convir a delegación de competencias de xestión de determinados servizos educativos nos municipios ou agrupacións de municipios que se configuren para o efecto, co fin de propiciar unha maior eficacia, coordinación e control social no uso dos recursos.
9	Artigo 9. Programas de cooperación territorial. 1. O Estado promoverá programas de cooperación territorial co fin de alcanzar os obxectivos educativos de carácter xeral, reforzar as competencias básicas dos estudantes, favorecer o coñecemento e aprecio por parte do alumnado da riqueza cultural e lingüística das distintas Comunidades Autónomas, así como contribuír á solidariedade interterritorial e ao equilibrio territorial na compensación de desigualdades. 2. Os programas aos que se refire este artigo poderán levarse a cabo mediante convenios ou acordos entre as diferentes Administracións educativas competentes. 3. Nos programas de cooperación territorial terase en conta, como criterio para a distribución territorial de recursos económicos, a singularidade destes programas en termos orientados a favorecer a igualdade de oportunidades. Valorarase especialmente o fenómeno da despoboación dun territorio, así como a dispersión xeográfica da poboación, a insularidade e as necesidades específicas que presenta a escolarización do alumnado de zonas rurais.
11.1	Artigo 11. Oferta e recursos educativos. 1. O Estado promoverá accións destinadas a favorecer que todos os alumnos poidan elixir as opcións educativas que desexen con independencia do seu lugar de residencia, de acordo cos requisitos académicos establecidos en cada caso.
11.3	3. Coa mesma finalidade, e en aplicación do principio de colaboración, corresponde ás Administracións educativas facilitar a alumnos e profesores doutras Comunidades Autónomas o acceso ás súas instalacións con valor educativo e a utilización dos seus recursos.
14.6	Educación infantil Artigo 14. Ordenación e principios pedagóxicos. 6. Os métodos de traballo en ambos os dous ciclos basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.
15.3	3. Os centros poderán ofrecer o primeiro ciclo de educación infantil, o segundo ou ambos os dous.
22.5	Educación secundaria obrigatoria Artigo 22. Principios xerais. 5. Entre as medidas sinaladas no apartado anterior contemplaranse as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a oferta de materias optativas, programas de reforzo e programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
24.6	Artigo 24. Organización do primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria. 6. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias do ciclo, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
26.1	Artigo 25. Organización de cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria Artigo 26. Principios pedagóxicos. 1. Os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa dende a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo
26.2	2. Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas e fomentarase a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. Co fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo a esta na práctica docente de todas as materias.
31.5	Artigo 31. Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. 5. As Administracións educativas poderán establecer medidas de atención personalizada dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que despois de presentarse á avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria non a superasen.
35	Artigo 35. Principios pedagóxicos. 1. As actividades educativas no bacharelato favorecerán a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados. 2. As Administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público. 3. Na organización dos estudos de Bacharelato prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo.
42.3	Artigo 42. Contido e organización da oferta. 3. A Formación Profesional promoverá a integración de contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do ámbito profesional, así como os das materias instrumentais, e garantirá que o alumnado adquira e amplíe as competencias necesarias para o seu desenvolvemento profesional, persoal e social.
42.5	5. No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros educativos poderán ofertar o alumnado que curse ciclos formativos de grao medio as seguintes materias voluntarias para facilitar a transición do alumno ou alumna cara a outras ensinanzas: a) Comunicación en Lingua Castelá. b) Comunicación en Lingua estranxeira. c) Matemáticas Aplicadas. d) Se é o caso, Comunicación en Lingua Cooficial. Ademais, ao obxecto de facilitar a progresión do alumnado cara aos ciclos formativos de grao superior da Formación Profesional, os centros educativos poderán ofertar, no marco do establecido polas Administracións educativas, materias voluntarias relacionadas co campo ou sector profesional do que se trate, cuxa superación facilitará a admisión nos ciclos formativos de grao superior nos termos que o Goberno determine regulamentariamente. As materias indicadas nos parágrafos anteriores poderán ofertarse en modalidade presencial ou a distancia e non formarán

Exceptúanse do carácter básico

	parte do currículo dos ciclos formativos de grao medio.
47	Artigo 47. Correspondencia con outras ensinanzas. 1. As Administracións educativas facilitarán a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria. 2. Co obxecto de facer efectivo o previsto no apartado anterior, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que incluírán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.
58.4	Artigo 58. Organización das ensinanzas artísticas superiores. 4. As Comunidades Autónomas e as universidades dos seus respectivos ámbitos territoriais poderán convir fórmulas de colaboración para os estudos de ensinanzas artísticas superiores regulados nesta Lei.
58.5	5. Así mesmo as Administracións educativas fomentarán convenios coas universidades para a organización de estudos de doutorado propios das ensinanzas artísticas.
58.6	6. Os centros superiores de ensinanzas artísticas fomentarán programas de investigación no ámbito das disciplinas que lles sexan propias.
58.7	7. As Administracións educativas poderán adscribir centros de Ensinanzas Artísticas Superiores mediante convenio ás Universidades, segundo o indicado no artigo 11 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades
58.8	8. As Administracións educativas poderán establecer procedementos para favorecer a autonomía e facilitar a organización e xestión dos Conservatorios e Escolas Superiores de Ensinanzas Artísticas.
60.3	Artigo 60. Escolas oficiais de idiomas. 3. As Administracións educativas poderán integrar nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas de idiomas a distancia.
60.4	4. De acordo co que establezan as Administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización de coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.
66.2	Artigo 66. Obxectivos e principios. 2. Para o logro da finalidade proposta, as Administracións educativas poderán colaborar con outras Administracións públicas con competencias na formación de adultos e, en especial, coa Administración laboral, así como coas corporacións locais e os diversos axentes sociais.
66.4	4. As persoas adultas poden realizar as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensino, regulado ou non regulado, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais, polo que se tenderá a establecer conexións entre ambas as dúas vías e se adoptará medidas para a validación das aprendizaxes así adquiridas.
67.2	Artigo 67. Organización 2. A organización e a metodoloxía das ensinanzas para as persoas adultas basearanse na autoaprendizaxe e terán en conta as súas experiencias, necesidades e intereses, podendo desenvolverse a través do ensino presencial e tamén mediante a educación a distancia.
67.3	3. As Administracións educativas poderán promover convenios de colaboración para o ensino de persoas adultas coas universidades, corporacións locais e outras entidades públicas ou privadas. Neste último suposto, darase preferencia ás asociacións sen ánimo de lucro. Estes convenios poderán, así mesmo, considerar a elaboración de materiais que respondan ás necesidades técnicas e metodolóxicas deste tipo de ensinanzas.
67.6	6. Nos establecementos penitenciarios garantirase á poboación reclusa o acceso a estas ensinanzas.
67.7	7. As ensinanzas para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses.
67.8	8. As Administracións educativas estimularán a realización de investigacións e a difusión de prácticas innovadoras no campo da educación das persoas adultas, co obxecto de permitir o desenvolvemento de novos modelos educativos e a mellora continua dos existentes.
68.3	Artigo 68. Ensinanzas obrigatorias. 3. Para as persoas que superen os dezasete anos de idade, as Administracións educativas poderán establecer programas formativos dirixidos á obtención do título de Técnico Profesional Básico, con independencia da posibilidade de completar as ensinanzas de Formación Profesional Básica os que as tivesen comezado de acordo co indicado nos artigos 30, 41.1 e 42.4.
72.4	Artigo 72. Recursos. 4. As Administracións educativas promoverán a formación do profesorado e doutros profesionais relacionada co tratamento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
72.5	5. As Administracións educativas poderán colaborar con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións, para facilitar a escolarización e unha mellor incorporación deste alumnado ao centro educativo.
89	Artigo 89. Premios e concursos. O Ministerio de Educación e Ciencia, sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas, poderá establecer, por si mesmo ou en colaboración con outras entidades, premios e concursos de carácter estatal destinados a alumnos, profesores ou centros escolares.
90	Artigo 90. Recoñecementos. O Ministerio de Educación e Ciencia, así como as Comunidades Autónomas, poderán recoñecer e premiar o labor didáctico ou de investigación de profesores e centros, facilitando a difusión entre os distintos centros escolares dos traballos ou experiencias que mereceron o devandito recoñecemento pola súa calidade e esforzo.
100.3	CAPITULO III Formación do profesorado Artigo 100. Formación inicial. 3. Corresponde ás Administracións educativas establecer os convenios oportunos coas universidades para a organización da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o apartado anterior.
101	Artigo 101. Incorporación á docencia en centros públicos. O primeiro curso de exercicio da docencia en centros públicos desenvolverase baixo a titoría de profesores experimentados. O profesor titor e o profesor en formación compartirán a responsabilidade sobre a programación das ensinanzas dos alumnos deste último.
102.2	Artigo 102. Formación permanente. 2. Os programas de formación permanente, deberán considerar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo sete da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
102.3	3. As Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas

Exceptuáanse do carácter básico

	específicos de formación neste ámbito. Igualmente, correspóndelles fomentar programas de investigación e innovación.
102.4	4. O Ministerio de Educación e Ciencia poderá ofrecer programas de formación permanente de carácter estatal, dirixidos a profesores de todas as ensinanzas reguladas na presente Lei e establecer, para tal efecto, os convenios oportunos coas institucións correspondentes.
103.1	Artigo 103. Formación permanente do profesorado de centros públicos. 1. As Administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecerán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas. Así mesmo, correspóndelles facilitar o acceso dos profesores a titulacións que permitan a mobilidade entre as distintas ensinanzas, incluídas as universitarias, mediante os acordos oportunos coas universidades.
105.2	Artigo 105. Medidas para o profesorado de centros públicos. 2. As Administracións educativas, respecto ao profesorado dos centros públicos, favorecerán: a) O recoñecemento da función docente, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos. b) O recoñecemento do labor do profesorado, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, por medio dos incentivos económicos e profesionais correspondentes. c) O recoñecemento do traballo dos profesores que impartan clases da súa materia nunha lingua estranxeira nos centros bilingües. d) O desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que establezan, co fin de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo. e) A redución de xornada lectiva daqueles profesores maiores de 55 anos que o soliciten, coa correspondente diminución proporcional das retribucións. Poderán, así mesmo, favorecer a substitución parcial da xornada lectiva por actividades doutra natureza sen redución das súas retribucións.
106.2	Artigo 106. Avaliación da función pública docente. 2. Os plans para a valoración da función docente, que deben ser públicos, incluírán os fins e os criterios precisos da valoración e a forma de participación do profesorado, da comunidade educativa e da propia Administración.
106.3	3. As Administracións educativas fomentarán así mesmo a avaliación voluntaria do profesorado.
111 bis.4	Artigo 111 bis. Tecnoloxías da Información e a Comunicación. 4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.
111 bis.5	5. Promoverase o uso, por parte das Administracións educativas e os equipos directivos dos centros, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na aula, como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe.
112.2	Artigo 112. Medios materiais e humanos. 2. No contexto do disposto no apartado anterior, os centros dispoñerán da infraestrutura informática necesaria para garantir a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación nos procesos educativos. Corresponde ás Administracións educativas proporcionar servizos educativos externos e facilitar a relación dos centros públicos co seu ámbito e a utilización por parte do centro dos recursos próximos, tanto propios coma doutras Administracións públicas.
112.3	3. Os centros que escolaricen alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en proporción maior á establecida con carácter xeral ou para a zona na que se sitúen, recibirán os recursos complementarios necesarios para atender axeitadamente a este alumnado.
112.4	4. As Administracións educativas facilitarán que aqueles centros que, polo seu número de unidades, non poidan dispoñer dos especialistas aos que se refire o artigo 93 desta Lei, reciban os apoios necesarios para asegurar a calidade das correspondentes ensinanzas
112.5	5. As Administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais, así como que poidan dispoñer dos medios axeitados, particularmente daqueles centros que atendan a unha elevada poboación de alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
113.3	Artigo 113. Bibliotecas escolares. 3. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico destes. Igualmente, contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3 e 26.2 da presente Lei.
113.4	4. A organización das bibliotecas escolares deberá permitir que funcionen como un espazo aberto á comunidade educativa dos centros respectivos.
122.2	Artigo 122. Recursos. 2. As Administracións educativas poderán asignar maiores dotacións de recursos a determinados centros públicos ou privados concertados, en razón dos proxectos que así o requiran ou en atención ás condicións de especial necesidade da poboación que escolarizan. A devandita asignación quedará condicionada á rendición de contas e xustificación da axeitada utilización dos devanditos recursos.
122.3	3. Os centros docentes públicos poderán obter recursos complementarios, logo de aprobación do director, nos termos que establezan as Administracións educativas, dentro dos límites que a normativa vixente establece. Estes recursos non poderán provir das actividades levadas a cabo polas asociacións de pais, nais e de alumnos e alumnas en cumprimento dos seus fins e deberán ser aplicados aos seus gastos, de acordo co que as Administracións educativas establezan.
122 bis	Artigo 122 bis. Accións destinadas a fomentar a calidade dos centros docentes. 1. Promoveranse accións destinadas a fomentar a calidade dos centros docentes, mediante o reforzo da súa autonomía e a potenciación da función directiva, segundo establezan o Goberno e as Administracións educativas. As devanditas accións comprenderán medidas honoríficas tendentes ao recoñecemento dos centros, así como accións de calidade educativa, que terán por obxecto o fomento e a promoción da calidade nos centros. 2. As accións de calidade educativa partirán dunha consideración integral do centro, que poderá tomar como referencia modelos de xestión recoñecidos no ámbito europeo, e haberán de conter a totalidade das ferramentas necesarias para a realización dun proxecto educativo de calidade. A tal fin, os centros docentes deberán presentar unha planificación estratéxica que deberá incluír os obxectivos perseguidos, os resultados a obter, a xestión a desenvolver coas correspondentes medidas para lograr os resultados esperados, así como o marco temporal e a programación de actividades. A realización das accións de calidade educativa estará sometida a rendición de contas polo centro docente. 3. O proxecto educativo de calidade supoñerá a especialización dos centros docentes, que poderá comprender, entre outras, actuacións tendentes á especialización curricular, á excelencia, á formación docente, á mellora do rendemento escolar, á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, ou á achega de recursos didácticos a plataformas dixitais compartidas.

Exceptúanse do carácter básico

	<p>Os resultados das accións mediranse, sobre todo, polas melloras obtidas por cada centro en relación coa súa situación de partida.</p> <p>As accións de calidade educativa, que deberán ser competitivas, supoñerán para os centros docentes a autonomía para a súa execución, tanto dende o punto de vista da xestión dos recursos humanos coma dos recursos materiais e financeiros.</p> <p>4. Para a realización das accións de calidade, o director do centro dispoñerá de autonomía para adaptar, durante o período de realización destas accións, os recursos humanos ás necesidades derivadas destes. As decisións do director deberán fundamentarse nos principios de mérito e capacidade e deberán ser autorizadas pola Administración educativa correspondente, que se encargará de que se cumpra a normativa aplicable en materia de recursos humanos. A xestión dos recursos humanos será obxecto de avaliación específica na rendición de contas. O director dispoñerá das seguintes facultades:</p> <p>a) Establecer requisitos e méritos específicos para os postos ofertados de persoal funcionario docente, así como para a ocupación de postos en interinidade.</p> <p>b) Rexeitar, mediante decisión motivada, a incorporación a postos en interinidade de persoal docente procedente das listas centralizadas. Esta decisión deberá ser referendada pola Administración educativa correspondente.</p> <p>c) Cando o posto se encontre vacante, sen estar cuberto de xeito definitivo por funcionario de carreira docente, e exista financiamento axeitada e suficiente, propoñer, de forma motivada, a prórroga na comisión de servizos do funcionario de carreira docente que tivese vido ocupando o posto de forma provisional ou, no seu caso, o nomeamento de novo no mesmo posto do funcionario interino docente que o viña desempeñando, cando, en ambos os dous supostos, despois de traballar nos proxectos de calidade, sexan necesarios para a continuidade destes. En todo caso, na proposta deberá quedar debidamente xustificada a avaliación positiva do funcionario no desenvolvemento da súa actividade dentro do correspondente proxecto de calidade, así como a procedencia e importancia da súa continuidade no posto que viña desenvolvendo dentro do proxecto para asegurar a calidade e a consecución de obxectivos.</p> <p>As Administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos centros docentes, dotando os directores da necesaria autonomía de xestión para impulsar e desenvolver as accións de calidade educativa.</p> <p>5. A actividade realizada polo persoal afecto á execución das accións de calidade educativa, cunha valoración positiva, deberá serlle recoñecida tanto na provisión de postos de traballo como para os efectos de carreira profesional, entre outros.</p>
123.2	<p>Artigo 123. Proxecto de xestión dos centros públicos.</p> <p>2. As Administracións educativas poderán delegar nos órganos de goberno dos centros públicos a adquisición de bens, contratación de obras, servizos e subministracións, de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e cos límites que na normativa correspondente se fixen. O exercicio da autonomía dos centros para administrar estes recursos estará sometido ás disposicións que as Administracións educativas establezan para regular o proceso de contratación, de realización e de xustificación do gasto.</p>
123.3	<p>3. Para o cumprimento dos seus proxectos educativos, os centros públicos poderán formular requisitos de titulación e capacitación profesional respecto de determinados postos de traballo do centro, de acordo coas condicións que establezan as Administracións educativas.</p>
123.4	<p>4. Os centros públicos expresarán a ordenación e utilización dos seus recursos, tanto materiais coma humanos, a través da elaboración do seu proxecto de xestión, nos termos que regulen as Administracións educativas.</p>
123.5	<p>5. As Administracións educativas poderán delegar nos órganos de goberno dos centros públicos as competencias que determinen, incluídas as relativas a xestión de persoal, responsabilizando os directores da xestión dos recursos postos a disposición do centro.</p>
124.1	<p>Artigo 124. Normas de organización, funcionamento e convivencia.</p> <p>1. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento conforme á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.</p>
124.2	<p>2. As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.</p>
124.4	<p>4. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e funcionamento.</p>
125	<p>Artigo 125. Programación xeral anual.</p> <p>Os centros educativos elaborarán ao principio de cada curso unha programación xeral anual que recolla todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas, e todos os plans de actuación acordados e aprobados.</p>
130.1	<p>Sección terceira. Outros órganos de coordinación docente</p> <p>Artigo 130. Órganos de coordinación docente.</p> <p>1. Corresponde ás Administracións educativas regular o funcionamento dos órganos de coordinación docente e de orientación e potenciar os equipos de profesores que impartan clase no mesmo curso, así como a colaboración e o traballo en equipo dos profesores que impartan clase a un mesmo grupo de alumnos.</p>
131.2	<p>2. Nos institutos de educación secundaria existirán, entre os órganos de coordinación docente, departamentos de coordinación didáctica que se encargarán da organización e desenvolvemento das ensinanzas propias das materias ou módulos que se lles encomenden.</p>
131.5	<p>CAPÍTULO IV</p> <p>Dirección dos centros públicos</p> <p>Artigo 131. O equipo directivo.</p> <p>5. As Administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos centros docentes, mediante a adopción de medidas que permitan mellorar a actuación dos equipos directivos en relación co persoal e os recursos materiais e mediante a organización de programas e cursos de formación.</p>
144.3	<p>Artigo 144. Avaliacións individualizadas.</p> <p>3. As autoridades educativas establecerán as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións individualizadas se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.</p>
145	<p>Artigo 145. Avaliación dos centros.</p> <p>1. Poderán as Administracións educativas, no marco das súas competencias, elaborar e realizar plans de avaliación dos centros educativos, que terán en conta as situacións socioeconómicas e culturais das familias e alumnos que acollen, o ámbito do propio centro e os recursos de que dispón.</p>

Exceptúanse do carácter básico

	2. Así mesmo, as Administracións educativas apoiarán e facilitarán a autoavaliación dos centros educativos.
146	Artigo 146. Avaliación da función directiva. Co fin de mellorar o funcionamento dos centros educativos, as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán elaborar plans para a valoración da función directiva.
154	Artigo 154. Organización da inspección educativa. 1. As Administracións educativas regularán a estrutura e o funcionamento dos órganos que establezan para o desempeño da inspección educativa nos seus respectivos ámbitos territoriais. 2. A estrutura á que se refire o apartado anterior poderá organizarse sobre a base dos perfís profesionais dos inspectores, entendidos en función dos criterios seguintes: titulacións universitarias, cursos de formación no exercicio da inspección, experiencia profesional na docencia e experiencia na propia inspección educativa. 3. Nos procedementos para a provisión de postos de traballo na inspección educativa poderán terse en consideración as necesidades das respectivas Administracións educativas e poderá ser valorada como mérito a especialización dos aspirantes de acordo coas condicións descritas no apartado anterior.
disposición adicional décimo quinta, apartados 1, 4, 5 e 7	Disposición adicional décimo quinta. Municipios, corporacións ou entidades locais. 1. As Administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas Administracións locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas. 4. Os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. 5. As Administracións educativas poderán establecer convenios de colaboración coas corporacións locais para as ensinanzas artísticas. Os devanditos convenios poderán considerar unha colaboración específica en escolas de ensinanzas artísticas cuxos estudos non conduzan á obtención de títulos con validez académica. 7. As Administracións educativas, deportivas e municipais, colaborarán para o establecemento de procedementos que permitan o dobre uso das instalacións deportivas pertencentes aos centros docentes ou aos municipios.
disposición adicional trixésima cuarto	Disposición adicional trixésima cuarta. Bolsas e axudas ao estudo. 1. As notificacións que deban practicarse con ocasión da tramitación dos procedementos de outorgamento, revogación, revisión de oficio e reintegro de ingresos indebidos sobre bolsas e axudas ao estudo financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado e cuxa competencia estea atribuída ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, efectuaranse conforme ás seguintes regras: a) As notificacións practícaranse a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. b) Nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as notificacións efectuaranse exclusivamente no taboleiro de edictos situado na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. c) Así mesmo, a publicación no citado taboleiro de edictos substituirá a notificación, producindo os seus mesmos efectos, nos supostos establecidos no apartado 6 do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de conformidade co previsto na correspondente convocatoria. As notificacións e publicacións que se practiquen a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte irán precedidas dunha comunicación escrita aos interesados que advirta desta circunstancia polos medios que se establezan na correspondente convocatoria. Transcorridos dez días naturais dende que a notificación se tivese publicado no devandito taboleiro de edictos, entenderase que esta foi practicada, se deu por cumprimento o devandito trámite e se continuou co procedemento. O sistema de notificacións previsto neste apartado será de aplicación aos procedementos que se inicien con posterioridade á entrada en vigor desta Lei Orgánica. As convocatorias de bolsas e axudas ao estudo que se publiquen con posterioridade á entrada en vigor desta Lei Orgánica deberán adaptarse ao contido desta disposición adicional. 2. As bolsas e axudas ao estudo que se concedan para cursar estudos universitarios e non universitarios con validez académica oficial serán inembargables en todos os casos. 3. Procederá o reintegro das cantidades percibidas en concepto de bolsas e axudas ao estudo, de conformidade co disposto no artigo 37.1.i) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, naqueles casos nos que os beneficiarios non reunisen algún ou algúns dos requisitos establecidos para a obtención das bolsas ou axudas ou non os terían acreditado debidamente.
disposición adicional trixésimasétima	Disposición adicional trixésima sexta. Admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dende as titulacións de Técnico Superior e Técnico Deportivo Superior e de alumnos e alumnas en posesión dun título, diploma ou estudo obtido ou realizado no estranxeiro equivalente ao título de Bacharel . De acordo coa lexislación vixente, o Goberno establecerá a normativa básica que permita ás Universidades fixar os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao de alumnos e alumnas que obtivesen un título de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior, a que se refiren os artigos 44, 53 e 65, así como de alumnos e alumnas en posesión dun título, diploma ou estudo equivalente ao título de Bacharel , obtido ou realizado en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade. Neste último suposto ademais os alumnos e alumnas deberán cumprir o resto de requisitos establecidos para a homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado no estranxeiro. Os procedementos deberán respectar os principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade e utilizarán algún ou algúns dos seguintes criterios de valoración dos estudantes: a) Cualificación final obtida nas ensinanzas cursadas, e/ou en módulos ou materias concretas. b) Relación entre os currículos das titulacións anteriores e os títulos universitarios solicitados. c) Formación académica ou profesional complementaria. d) Estudos superiores cursados con anterioridade. Ademais, de forma excepcional poderán establecer avaliacións específicas de coñecementos e/ou de competencias. No caso de alumnos e alumnas en posesión dun título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros, as avaliacións poderanse realizar en inglés, e terase en conta as diferentes materias do currículo dos devanditos sistemas educativos. As Universidades poderán acordar a realización conxunta de todo ou parte dos procedementos de admisión, así como o recoñecemento mutuo dos resultados das valoracións realizadas nos procedementos de admisión.
disposición final cuarta.	Disposición final cuarta. Autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. Continuará en vigor, coas modificacións derivadas da presente Lei, a Lei 12/1987, do 2 de xullo, sobre establecemento da gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Competencia exclusiva do Estado

29	<p>Artigo 29. Avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>1. Ao finalizar o cuarto curso, os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:</p> <p>a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais, salvo Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química, das que o alumno ou alumna será avaliado se as escolle entre as materias de opción, segundo se indica no parágrafo seguinte.</p> <p>b) Dúas das materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en cuarto curso.</p> <p>c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física, Relixión, ou Valores Éticos.</p> <p>2. Os alumnos e alumnas poderán realizar a avaliación por calquera das dúas opcións de ensinanzas académicas ou de ensinanzas aplicadas, con independencia da opción cursada en cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria, ou por ambas as dúas opcións na mesma ocasión.</p> <p>3. Poderán presentarse a esta avaliación aqueles alumnos e alumnas que obtivesen ben avaliación positiva en todas as materias, ou ben negativa nun máximo de dúas materias sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas. Para estes efectos, a materia Lingua Cooficial e Literatura terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura naquelas Comunidades Autónomas que posúan lingua cooficial.</p> <p>Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de materias de libre configuración autonómica, con independencia de que os devanditos alumnos e alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas.</p> <p>4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá para todo o Sistema Educativo Español os criterios de avaliación e as características das probas, e deseñaraas e establecerá o seu contido para cada convocatoria.</p> <p>5. A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.</p> <p>6. Os alumnos e alumnas que non superasen a avaliación pola opción escollida, ou que desexen elevar a súa cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, logo de solicitude.</p> <p>Os alumnos e alumnas que superasen esta avaliación por unha opción poderán presentarse de novo a avaliación pola outra opción se o desexan, e de non a superar en primeira convocatoria poderán repetila en convocatorias sucesivas, logo de solicitude.</p> <p>Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias que o alumno ou alumna superase.</p> <p>Celebraranse polo menos dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.</p>
31	<p>Artigo 31. Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>1. Para obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria será necesaria a superación da avaliación final, así como unha cualificación final da devandita etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:</p> <p>a) Cun peso do 70%, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>b) Cun peso do 30%, a nota obtida na avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria. En caso de que o alumno ou alumna superase a avaliación polas dúas opcións de avaliación final, a que se refire o artigo 29.1, para a cualificación final tomará a máis alta das que se obteñan tendo en conta a nota obtida en ambas as dúas opcións.</p> <p>2. O título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirá acceder ás ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 desta Lei Orgánica, de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensino.</p> <p>3. No título deberá constar a opción ou opcións polas que se realizou a avaliación final, así como a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>Farase constar no título, por dilixencia ou anexo a este, a nova cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria cando o alumno ou alumna se presentase de novo a avaliación pola mesma opción para elevar a súa cualificación final.</p> <p>Tamén se fará constar, por dilixencia ou anexo, a superación polo alumno ou alumna da avaliación final por unha opción diferente á que xa conste no título, en cuxo caso a cualificación final será a máis alta das que se obteñan tendo en conta os resultados de ambas as dúas opcións.</p> <p>4. Os alumnos e alumnas que cursen a Educación Secundaria Obrigatoria e non obteñan o título ao que se refire este artigo recibirán unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados, así como o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>5. As Administracións educativas poderán establecer medidas de atención personalizada dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que despois de presentarse á avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria non a superasen.</p> <p>6. En caso de que se obteña o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria pola superación da proba regulada no apartado 2 do artigo 68 desta Lei Orgánica, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a obtida na devandita proba.</p>
36 bis	<p>Artigo 36 bis. Avaliación final de Bacharelato.</p> <p>1. Os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada ao finalizar Bacharelato, na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:</p> <p>a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais. No suposto de materias que impliquen continuidade, terase en conta só a materia cursada en segundo curso.</p> <p>b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en calquera dos cursos. As materias que impliquen continuidade entre os cursos primeiro e segundo só computarán como unha materia; neste suposto terase en conta só a materia cursada en segundo curso.</p> <p>c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física nin Relixión.</p> <p>2. Só poderán presentarse a esta avaliación aqueles alumnos e alumnas que obtivesen avaliación positiva en todas as materias.</p> <p>Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de materias de libre configuración autonómica, con independencia de que os alumnos e alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.</p> <p>3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá para todo o Sistema Educativo Español os criterios de avaliación e as características das probas, e deseñaraas e establecerá o seu contido para cada convocatoria.</p> <p>4. A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.</p> <p>5. Os alumnos e alumnas que non superasen esta avaliación, ou que desexen elevar a súa cualificación final de Bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, logo de solicitude.</p> <p>Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias ás que se concorrese.</p> <p>Celebraranse polo menos dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.</p>

Competencia exclusiva do Estado

37	<p>Artigo 37. Título de Bacharel.</p> <p>1. Para obter o título de Bacharel será necesaria a superación da avaliación final de Bacharelato, así como unha cualificación final de Bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:</p> <p>a) Cun peso do 60%, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en Bacharelato.</p> <p>b) Cun peso do 40%, a nota obtida na avaliación final de Bacharelato.</p> <p>2. O título de Bacharel facultará para acceder ás distintas ensinanzas que constitúen a educación superior establecidas no artigo 3.5, e nel deberá constar a modalidade cursada, así como a cualificación final de Bacharelato.</p> <p>3. A avaliación positiva en todas as materias do Bacharelato sen superar a avaliación final desta etapa dará dereito ao alumno ou alumna a obter un certificado que producirá efectos laborais e os académicos previstos nos artigos 41.2.b), 41.3.a), e 64.2.d) desta Lei Orgánica.</p>
----	--

Teñen carácter de Lei Orgánica

Capítulo I do título preliminar	CAPÍTULO I Principios e fins da educación
Os artigos 3; 4; 5.1, 5.2	<p>CAPÍTULO II</p> <p>A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida</p> <p>Artigo 3. As ensinanzas.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O sistema educativo organízase en etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino de forma que asegure a transición entre estes e, no seu caso, dentro de cada un deles. 2. As ensinanzas que ofrece o sistema educativo son as seguintes: <ol style="list-style-type: none"> a) Educación infantil. b) Educación primaria. c) Educación secundaria obrigatoria. d) Bacharelato. e) Formación profesional. f) Ensinanzas de idiomas. g) Ensinanzas artísticas. h) Ensinanzas deportivas. i) Educación de persoas adultas. j) Ensino universitario. 3. A educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica. 4. A educación secundaria divídese en educación secundaria obrigatoria e educación secundaria postobrigatoria. Constitúen a educación secundaria postobrigatoria o bacharelato, a formación profesional de grao medio, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio e as ensinanzas deportivas de grao medio. 5. O ensino universitario, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas deportivas de grao superior constitúen a educación superior. 6. As ensinanzas de idiomas, as ensinanzas artísticas e as deportivas terán a consideración de ensinanzas de réxime especial. 7. O ensino universitario regúlase polas súas normas específicas. 8. As ensinanzas ás que se refire o apartado 2 adaptaranse ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A devandita adaptación garantirá o acceso, a permanencia e a progresión deste alumnado no sistema educativo. 9. Para garantir o dereito á educación dos que non poidan asistir de modo regular aos centros docentes, desenvolverase unha oferta adecuada de educación a distancia ou, no seu caso, de apoio e atención educativa específica. 10. Os ciclos de Formación Profesional Básica serán de oferta obrigatoria e carácter gratuito. <p>Artigo 4. O ensino básico.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O ensino básico ao que se refire o artigo 3.3 desta Lei é obrigatorio e gratuito para todas as persoas. 2. O ensino básico comprende dez anos de escolaridade e desenvólvese, de forma regular, entre os seis e os dezoito anos de idade. Non obstante, os alumnos terán dereito a permanecer en réxime ordinario cursando o ensino básico ata os dezoito anos de idade, cumpridos no ano en que finalice o curso, nas condicións establecidas na presente Lei. 3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para os alumnos, adoptaranse a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei. <p>Artigo 5. A aprendizaxe ao longo da vida.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional. 2. O sistema educativo ten como principio básico propiciar a educación permanente. Para tal efecto, preparará os alumnos para aprender por si mesmos e facilitará ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades.
Capítulo III do título preliminar	CAPÍTULO III Currículo e distribución de competencias
vos artigos 16; 17; 18.1, 18.2, 18.3, 18.4 e 18.6; 19.1; 22; 23; 23 bis; 24; 25; 27; 30; 38; 68; 71; 74; 78; 79 bis; 80; 81.3 e 81.4; 82.2; 83; 84.1, 84.2, 84.3, 84.4, 84.5, 84.6, 84.7, 84.8 e 84.9; 85; 108; 109; 115	<p>Educación primaria</p> <p>Artigo 16. Principios xerais.</p> <p>Artigo 17. Obxectivos da educación primaria.</p> <p>Artigo 18. Organización.</p> <p>Artigo 19. Principios pedagóxicos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. <p>Artigo 22. Principios xerais. (Educación secundaria obrigatoria)</p> <p>Artigo 23. Obxectivos. . (Educación secundaria obrigatoria)</p> <p>Artigo 23 bis. Ciclos de Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>A etapa de Educación Secundaria Obrigatoria organízase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo dun.</p> <p>O segundo ciclo ou cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico.</p> <p>Artigo 24. Organización do primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>Artigo 25. Organización de cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>Artigo 27. Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.</p> <p>Artigo 30. Proposta de acceso a Formación Profesional Básica.</p> <p>O equipo docente poderá propoñer aos pais, nais ou titores legais, se é o caso a través do consello orientador, a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo de Formación Profesional Básica cando o grao de adquisición das competencias así o aconselle, sempre que cumpra os requisitos establecidos no artigo 41.1 desta Lei Orgánica.</p> <p>Artigo 38. Admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dende o título de Bacharel ou equivalente.</p>

Teñen carácter de Lei Orgánica

	<p>Artigo 68. Ensinanzas obrigatorias.</p> <p>TÍTULO II. Equidade na Educación. CAPÍTULO I. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Artigo 71. Principios.</p> <p>Artigo 74. Escolarización. (Alumnado que presenta necesidades educativas especiais) Artigo 78. Escolarización (Alumnos con integración tardía no sistema educativo español) Artigo 79 bis. Medidas de escolarización e atención. (Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.).</p> <p>Artigo 80. Principios. (CAPÍTULO II Compensación das desigualdades en educación).</p> <p>Artigo 81. Escolarización. 3. Na educación primaria, as Administracións educativas garantirán a todos os alumnos un posto escolar gratuíto no seu propio municipio ou zona de escolarización establecida. 4. Sen prexuízo do disposto no capítulo I deste mesmo título, as Administracións educativas dotarán aos centros públicos e privados concertados dos recursos humanos e materiais necesarios para compensar a situación dos alumnos que teñan especiais dificultades para alcanzar os obxectivos da educación obrigatoria, debido ás súas condicións sociais.</p> <p>Artigo 82. Igualdade de oportunidades no mundo rural. 2. Sen prexuízo do disposto no apartado 3 do artigo anterior, na educación básica, naquelas zonas rurais en que se considere aconsellable, poderase escolarizar os nenos nun municipio próximo ao da súa residencia para garantir a calidade do ensino. Neste suposto as Administracións educativas prestarán de forma gratuíta os servizos escolares de transporte e, no seu caso, comedor e internado.</p> <p>Artigo 83. Bolsas e axudas ao estudo. Artigo 84. Admisión de alumnos. (Escolarización en centros públicos e privados concertados)</p> <p>Artigo 85. Condicións específicas de admisión de alumnos en etapas postobrigatorias. 1. Para as ensinanzas de bacharelato, ademais de aos criterios establecidos no artigo anterior, atenderase ao expediente académico dos alumnos. 2. Nos procedementos de admisión de alumnos e alumnas aos ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de formación profesional, cando non existan prazas abondo, atenderase ao disposto no artigo 41 desta Lei. 3. Aqueles alumnos que cursen simultaneamente ensinanzas reguladas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terán prioridade para ser admitidos nos centros que impartan ensinanzas de educación secundaria que a Administración educativa determine. O mesmo tratamento se aplicará aos alumnos que sigan programas deportivos de alto rendemento. 4. Na oferta a distancia, poderanse establecer criterios específicos adicionais en relación coas situacións persoais e laborais das persoas adultas.</p> <p>Artigo 108. Clasificación dos centros. 1. Os centros docentes clasifícanse en públicos e privados. 2. Son centros públicos aqueles cuxo titular sexa unha administración pública. 3. Son centros privados aqueles cuxo titular sexa unha persoa física ou xurídica de carácter privado e son centros privados concertados os centros privados acollidos ao réxime de concertos legalmente establecido. Enténdese por titular dun centro privado a persoa física ou xurídica que conste como tal no Rexistro de centros da correspondente Administración educativa. 4. A prestación do servizo público da educación realizarase, a través dos centros públicos e privados concertados. 5. Os centros docentes orientarán a súa actividade á consecución dos principios e fins da educación establecidos na presente Lei. 6. Os pais ou tutores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen dereito, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, a escoller centro docente tanto público coma distinto dos creados polos poderes públicos, aos que se refire o apartado 3 do presente artigo.</p> <p>Artigo 109. Programación da rede de centros. 1. Na programación da oferta de prazas, as Administracións educativas harmonizarán as esixencias derivadas da obriga que teñen os poderes públicos de garantir o dereito de todos á educación e os dereitos individuais de alumnos e alumnas, pais, nais e tutores legais. 2. As Administracións educativas programarán a oferta educativa das ensinanzas que nesta Lei se declaran gratuítas, tendo en conta a programación xeneral do ensino, as consignacións presupostarias existentes e o principio de economía e eficiencia no uso dos recursos públicos e, como garantía da calidade do ensino, unha axeitada e equilibrada escolarización dos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo, tomando en consideración a oferta existente de centros públicos e privados concertados e a demanda social. Así mesmo, as Administracións educativas garantirán a existencia de prazas abondo.</p> <p>Artigo 115. Carácter propio dos centros privados. 1. Os titulares dos centros privados terán dereito a establecer o carácter propio destes que, en todo caso, deberá respectar os dereitos garantidos a profesores, pais e alumnos na Constitución e nas leis. 2. O carácter propio do centro deberá ser posto en coñecemento polo titular do centro aos distintos sectores da comunidade educativa, así como a cantos puidesen estar interesados en acceder a este. A matriculación dun alumno supoñerá o respecto do carácter propio do centro, que deberá respectar á súa vez, os dereitos dos alumnos e as súas familias recoñecidos na Constitución e nas leis. 3. Calquera modificación no carácter propio dun centro privado, por cambio na titularidade ou por calquera outra circunstancia, deberá poñerse en coñecemento da comunidade educativa con antelación abondo. En calquera caso, a modificación do carácter propio, unha vez iniciado o curso, non poderá producir efectos antes de finalizado o proceso de admisión e matriculación dos alumnos para o curso seguinte.</p>
ou capítulo IV do título IV	<p>TÍTULO IV Centros docentes CAPÍTULO IV Centros privados concertados. Artigo 116. Concertos</p>

Teñen carácter de Lei Orgánica

	Artigo 117. Módulos de concerto.
vos artigos 118; 119; 126.1 e 126.2; 127; 128; 129	<p>TÍTULO V. Participación, autonomía e goberno dos centros. CAPÍTULO I. Participación no funcionamento e o goberno dos centros. Artigo 118. Principios xerais.</p> <p>Artigo 119. Participación no funcionamento e o goberno dos centros públicos e privados concertados.</p> <p>Artigo 126. Composición do Consello Escolar.</p> <p>1. O Consello Escolar dos centros públicos estará composto polos seguintes membros:</p> <ol style="list-style-type: none">O director do centro, que será o seu Presidente.O xefe de estudos.Un concelleiro ou representante do Concello en cuxo termo municipal se ache radicado o centro.Un número de profesores e profesoras que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello, elixidos polo Claustro e en representación deste.Un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello.Un representante do persoal de administración e servizos do centro.O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto. <p>2. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.</p> <p>Artigo 127. Competencias do Consello Escolar.</p> <p>Sección segunda. Claustro de profesores</p> <p>Artigo 128. Composición.</p> <p>1. O Claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.</p> <p>2. O Claustro será presidido polo director e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.</p> <p>Artigo 129. Competencias.</p> <p>O Claustro de profesores terá as seguintes competencias:</p> <ol style="list-style-type: none">Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola presente Lei.Cofecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.Informar as normas de organización e funcionamento do centro.Cofecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atefian á normativa vixente.Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.
ás disposicións adicionais décimo sexto, décimo sétimo, trixésimaterceira e trixésima sexto	<p>Disposición adicional décimo sexta. Denominación das etapas educativas.</p> <p>As referencias, contidas na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, aos niveis educativos enténdense substituídas polas denominacións que, para os distintos niveis e etapas educativas e para os respectivos centros, se establecen nesta Lei.</p> <p>Disposición adicional décimo sétima. Claustro de profesores dos centros privados concertados.</p> <p>O claustro de profesores dos centros privados concertados terá funcións análogas ás previstas no artigo 129 desta Lei.</p> <p>Disposición adicional trixésima terceira. Titulados en Bacharelato Europeo e en Bacharelato Internacional e alumnos e alumnas procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que se subscribisen acordos internacionais.</p> <p>1. Poderán acceder á Universidade española nas mesmas condicións que os que obtivesen o título de Bacharel recollido no artigo 37 desta Lei Orgánica:</p> <ol style="list-style-type: none">En virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994, os estudantes que se encontren en posesión do título de Bacharelato Europeo.Os que tivesen obtido o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza).Os alumnos e alumnas procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou os doutros Estados cos que se subscribisen acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, sempre que os devanditos alumnos e alumnas cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas Universidades. <p>2. Os títulos, diplomas ou estudos indicados no apartado anterior, obtidos ou realizados de acordo cos requisitos de cada un dos sistemas de estudos, serán equivalentes a todos os efectos ao título de Bacharel recollido no artigo 37 desta Lei Orgánica.</p> <p>Disposición adicional trixésima sexta. Admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dende as titulacións de Técnico Superior e Técnico Deportivo Superior e de alumnos e alumnas en posesión dun título, diploma ou estudo obtido ou realizado no estranxeiro equivalente ao título de Bacharel.</p> <p>De acordo coa lexislación vixente, o Goberno establecerá a normativa básica que permita ás Universidades fixar os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao de alumnos e alumnas que obtivesen un título de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior, a que se refiren os artigos 44, 53 e 65, así como de alumnos e alumnas en posesión dun título, diploma ou estudo equivalente ao título de Bacharel, obtido ou realizado en sistemas educativos de Estados que non sexan membros</p>

Teñen carácter de Lei Orgánica

	<p>da Unión Europea cos que non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade. Neste último suposto ademais os alumnos e alumnas deberán cumprir o resto de requisitos establecidos para a homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado no estranxeiro.</p> <p>Os procedementos deberán respectar os principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade e utilizarán algún ou algúns dos seguintes criterios de valoración dos estudantes:</p> <ol style="list-style-type: none"> Cualificación final obtida nas ensinanzas cursadas, e/ou en módulos ou materias concretas. Relación entre os currículos das titulacións anteriores e os títulos universitarios solicitados. Formación académica ou profesional complementaria. Estudios superiores cursados con anterioridade. <p>Ademais, de forma excepcional poderán establecer avaliacións específicas de coñecementos e/ou de competencias. No caso de alumnos e alumnas en posesión dun título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros, as avaliacións poderanse realizar en inglés, e terase en conta as diferentes materias do currículo dos devanditos sistemas educativos.</p> <p>As Universidades poderán acordar a realización conxunta de todo ou parte dos procedementos de admisión, así como o recoñecemento mutuo dos resultados das valoracións realizadas nos procedementos de admisión.</p>
<p>a disposición transitoria sexta, apartado terceiro</p>	<p>Disposición transitoria sexta. Duración do mandato dos órganos de goberno.</p> <p>3. O Consello Escolar dos centros docentes públicos e privados concertados constituído con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei continuará o seu mandato ata a finalización deste coas atribucións establecidas nesta Lei.</p>
<p>a disposición transitoria décima</p>	<p>Disposición transitoria décima. Modificación dos concertos.</p> <ol style="list-style-type: none"> Os centros privados que, á entrada en vigor da presente Lei, teñan concertadas as ensinanzas postobrigatorias, manterán o concerto para as ensinanzas equivalentes. Os concertos, convenios ou subvencións aplicables aos centros de educación preescolar e aos centros de educación infantil referiranse ás ensinanzas de primeiro ciclo de educación infantil e ás de segundo ciclo de educación infantil respectivamente.
<p>ás disposicións finais primeira e sétima, e a disposición derogatoria única</p>	<p>Disposición final primeira. Modificación da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.</p> <p>1. O artigo 4 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado do seguinte xeito:</p> <p>«1. Os pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen os seguintes dereitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas leis educativas. A escoller centro docente tanto público coma distinto dos creados polos poderes públicos. A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos. A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos. A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis. A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos. <p>2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndelles:</p> <ol style="list-style-type: none"> Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase. Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar. Estimularlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden. Participar de xeito activo nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e os centros. Respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado. Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.» <p>2. O artigo 5.5 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado do seguinte xeito:</p> <p>«As Administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación dos pais, así como a formación de federacións e confederacións.»</p> <p>3. O artigo 6 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado do seguinte xeito:</p> <p>«1. Todos os alumnos teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean a cursar.</p> <p>2. Todos os alumnos teñen o dereito e deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles.</p> <p>3. Recoñécense os alumnos os seguintes dereitos básicos:</p> <ol style="list-style-type: none"> A recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais. A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade. A recibir orientación educativa e profesional. A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa Constitución. Á protección contra toda agresión física ou moral. A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes. A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo. Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente. <p>4. Son deberes básicos dos alumnos:</p> <ol style="list-style-type: none"> Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades. Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas escolares e complementarias. Seguir as directrices do profesorado. Asistir a clase con puntualidade. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación e a autoridade e orientacións do profesorado. Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa. Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo, e

Teñen carácter de Lei Orgánica

- h) Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.»
4. Ao artigo 7 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, engádeselle un novo apartado, coa seguinte redacción:
- «3. As Administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación dos alumnos, así como a formación de federacións e confederacións.»
5. Ao artigo 8 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, engádeselle un novo parágrafo coa seguinte redacción:
- «Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións nas que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as Administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas teñan sido resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.»
6. O artigo 25 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, terá a seguinte redacción:
- «Dentro das disposicións da presente Lei e normas que a desenvolven, os centros privados non concertados gozarán de autonomía para establecer o seu réxime interno, seleccionar o seu profesorado de acordo coa titulación esixida pola lexislación vixente, elaborar o proxecto educativo, organizar a xornada en función das necesidades sociais e educativas dos seus alumnos, ampliar o horario lectivo de áreas ou materias, determinar o procedemento de admisión de alumnos, establecer as normas de convivencia e definir o seu réxime económico.»
7. Ao artigo 31 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, engádeselle unha nova letra **n**) co seguinte texto:
- «**n) Los Consejos Escolares** de ámbito autonómico.»
8. O artigo 56.1 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, terá a seguinte redacción:
- «1. O Consello Escolar dos centros privados concertados estará constituído por:
- O director.
- Tres representantes do titular do centro.
- Un concelleiro ou representante do Concello en cuxo termo municipal se ache radicado o centro.
- Catro representantes dos profesores.
- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos, elixidos, por e entre eles.
- Dous representantes dos alumnos elixidos por e entre eles, a partir do primeiro curso de educación secundaria obrigatoria.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
- Ademais, nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan aulas especializadas, formará parte tamén do Consello Escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.
- Un dos representantes dos pais no Consello Escolar será designado pola asociación de pais máis representativa no centro.
- Así mesmo, os centros concertados que impartan formación profesional poderán incorporar ao seu Consello Escolar un representante do mundo da empresa, designado polas organizacións empresariais, de acordo co procedemento que as Administracións educativas establezan.»
9. O artigo 57 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, terá a seguinte redacción nos seus apartados **c**), **d**), **f**) e **m**):
- «**c) Participar** no proceso de admisión de alumnos, garantindo a suxeición ás normas sobre este.
- d)** Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro o Consello Escolar, a instancia de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, se é o caso, as medidas oportunas.
- f)** Aprobar e avaliar a programación xeral do centro que con carácter anual elaborará o equipo directivo.
- m)** Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»
10. O artigo 62 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, terá a seguinte redacción:
- «1. Son causa de incumprimento leve do concerto por parte do titular do centro as seguintes:
- a) Percibir cantidades por actividades escolares complementarias ou extraescolares ou por servizos escolares que non fosen autorizadas pola Administración educativa ou polo Consello Escolar do centro, de acordo co que fose establecido en cada caso.
- b) Infrinxir as normas sobre participación previstas no presente título.
- c) Proceder a despedimentos do profesorado cando aqueles sexan declarados improcedentes por sentenza da xurisdición competente.
- d) Infrinxir a obriga de facilitar á Administración os datos necesarios para o pagamento delegado dos salarios.
- e) Infrinxir o principio de voluntariedade e non discriminación das actividades complementarias, extraescolares e servizos complementarios.
- f) Calquera outros que se deriven da violación das obrigas establecidas no presente título, ou nas normas regulamentarias ás que fai referencia os apartados 3 e 4 do artigo 116 da Lei Orgánica de Educación ou de calquera outro pacto que figure no documento de concerto que o centro subscribise.
2. Son causas de incumprimento grave do concerto por parte do titular do centro as seguintes:
- a) As causas enumeradas no apartado anterior cando do expediente administrativo instruído para o efecto e, se é o caso, de sentenza da xurisdición competente, resulte que o incumprimento se produciu por ánimo de lucro, con intencionalidade evidente, con perturbación manifesta na prestación do servizo do ensino ou de forma reiterada ou reincidente.
- b) Impartir as ensinanzas obxecto do concerto contravindo o principio de gratuidade.
- c) Infrinxir as normas sobre admisión de alumnos.
- d) Separarse do procedemento de selección e despedimento do profesorado establecido nos artigos precedentes.
- e) Lesionar os dereitos recoñecidos nos artigos 16 e 20 da Constitución, cando así se determine por sentenza da xurisdición competente.
- f) Incumprir os acordos da Comisión de Conciliación.
- g) Calquera outros definidos como incumprimentos graves no presente título ou nas normas regulamentarias a que fan referencia os apartados 3 e 4 do artigo 116 da Lei Orgánica de Educación.
- Non obstante o anterior, cando do expediente administrativo instruído para o efecto resulte que o incumprimento se produciu sen ánimo de lucro, sen intencionalidade evidente e sen perturbación na prestación do ensino e que non existe reiteración nin reincidencia no incumprimento, este será cualificado de leve.
- 2 bis. Son causas de incumprimento moi grave do concerto a reiteración ou reincidencia de incumprimentos graves.

Teñen carácter de Lei Orgánica

3. A reiteración de incumprimentos aos que se refiren os apartados anteriores constatarase pola Administración educativa competente conforme aos seguintes criterios:
- a) Cando se trate da reiteración dos incumprimentos cometidos con anterioridade, abondará con que esta situación se poña de manifesto mediante informe da inspección educativa correspondente.
 - b) Cando se trate dun novo incumprimento de tipificación distinta ao labor con anterioridade, será necesaria a instrución do correspondente expediente administrativo.
4. O incumprimento leve do concerto dará lugar:
- a) Apercebimento por parte da Administración educativa.
 - b) Se o titular non emendase o incumprimento leve, a administración impondrá unha multa de entre a metade e o total do importe da partida «outros gastos» do módulo económico de concerto educativo vixente no período en que se determine a imposición da multa. A Administración educativa sancionadora determinará o importe da multa, dentro dos límites establecidos e poderá proceder ao cobramento desta por vía de compensación contra as cantidades que deba aboar o titular do centro en aplicación do concerto educativo.
5. O incumprimento grave do concerto educativo dará lugar á imposición de multa, que estará comprendida entre o total e o dobre do importe da partida «outros gastos» do módulo económico de concerto educativo vixente no período no que se determine a imposición da multa. A Administración educativa sancionadora determinará o importe da multa, dentro dos límites establecidos e poderá proceder ao cobramento desta por vía de compensación contra as cantidades que deba aboar o titular do centro en aplicación do concerto educativo.
6. O incumprimento moi grave do concerto dará lugar á rescisión do concerto. Neste caso, co fin de non prexudicar aos alumnos xa escolarizados no centro, as Administracións educativas poderán impoñer a rescisión progresiva do concerto.
7. O incumprimento e a sanción moi grave prescribirán aos tres anos, o grave aos dous anos e o leve ao ano. O prazo de prescripción interromperase coa constitución da Comisión de Conciliación para a corrección do incumprimento cometido polo centro concertado.»

Disposición final sétima. Carácter de Lei Orgánica da presente Lei.

Teñen carácter de Lei Orgánica o capítulo I do título preliminar, os artigos 3; 4; 5.1, 5.2; o capítulo III do título preliminar; os artigos 16; 17; 18.1, 18.2, 18.3, 18.4 y 18.6; 19.1; 22; 23; 23 bis; 24; 25; 27; 30; 38; 68; 71; 74; 78; 79 bis; 80; 81.3 y 81.4; 82.2; 83; 84.1, 84.2, 84.3, 84.4, 84.5, 84.6, 84.7, 84.8 y 84.9; 85; 108; 109; 115; o capítulo IV do título IV; os artigos 118; 119; 126.1 y 126.2; 127; 128; 129; as disposicións adicionais décimo sexta, décimo sétima, trixésima terceira e trixésima sexta; a disposición transitoria sexta, apartado terceiro; a disposición transitoria décima; as disposicións finais primeira e sétima, e a disposición derogatoria única.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas as seguintes Leis:

- a) Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeneral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa.
- b) Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- c) Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes.
- d) Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación.
- e) Lei 24/1994, do 12 de xullo, pola que se establecen normas sobre concursos de provisión de postos de traballo para funcionarios docentes.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente Lei.